



**Begoña Caamaño**

**presenta** *Circe ou o pracer  
do azul e Morgana en Esmelle*



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

Begoña Caamaño presenta 3

*Circe ou o pracer do azul*  
e *Morgana en Esmelle*  
Ana Román

*Circe ou o pracer do azul* 7

Begoña Caamaño

*Morgana en Esmelle* 20

Begoña Caamaño

**Begoña Caamaño**

**presenta** *Circe ou o pracer  
do azul e Morgana en Esmelle*



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

# Begoña Caamaño

## Día das Letras

### Galegas 2026

Edita

Real Academia Galega

Fotografías

Colección familiar

Sonia Díaz

Imaxe da cuberta

Ka Ra

© Real Academia Galega, 2026

© Herdeiros e herdeiras de Begoña Caamaño, 2026

ISBN: 978-84-17807-56-6

Depósito legal: C 809 -2026

DOI: <http://doi.org//10.32766/rag.462>

**Real Academia Galega**

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



**XUNTA  
DE GALICIA**



Begoña Caamaño acompañou as súas novelas en presentacións, xornadas literarias, clubs de lectura e outros espazos de encontro co lectorado. Se con *Circe ou o pracer do azul* a actividade foi intensa, con *Morgana en Es-melle* a axenda estivo moi condicionada pola enfermidade e o necesario repouso que a súa doenza requiría. Mesmo así, o seu esforzo de acompañamento foi admirábel.

Para algunhas destas presentacións preparou guións, materiais que en moitos casos non se conservan. Mais entre a documentación que con tanto coidado atesourou o seu compañeiro J. M. Etxaniz e despois a súa irmá Beatriz, hai algúns textos que mostran o rigor e minuciosidade dos seus procesos. Presentamos nesta edición o que preparou para a intervención nos *VII Diálogos Literarios de Mariñán* que, organizados pola Fundación Carlos Casares, se desenvolveron no pazo de Mariñán, en Bergondo, en xuño de 2010. A escritora compartiu mesa con Xabier Quiroga e Xosé Monteagudo nunha sesión que se presentaba co título “As fronteiras ambiguas. Mito e negrura”. É un texto escrito para ser lido, o que explica a súa estrutura, onde revisa a orixe da súa primeira novela cun guión moi semellante ao que seguiría un ano despois na presentación en Lisboa.

Recuperamos e completamos a reflexión da escritora sobre a súa obra de ficción co guión que elaborou para a presentación da segunda novela,

*Morgana en Esmelle*, en Compostela en abril de 2012 e que publicou nese mesmo ano no nº 28 da revista *Festa da Palabra Silenciada*.

Begoña Caamaño explica nestes dous textos a xénese e horizonte das súas dúas novelas, a análise en que se asentan, os procesos, as motivacións e as ideas que as alimentan. Translocen neles as lecturas que sedimentan unha e outra obra, o respecto, a esixencia, a ironía e a honestidade na revisión do seu propio proceso literario. A literatura, coma colchas tecidas con retallos, é unha voz coral na que se reconece.

Agradecemoslle a Beatriz Caamaño as facilidades para a edición destes materiais.

**Ana Romani**

Circe ou  
o prazer  
do azul



Colección familiar

Gustaría de comezar esta intervención explicando os motivos polos que decidín facer de Circe e de Penélope as protagonistas da miña novela. Permitíndeme que bote man dunha frase de Cunqueiro (recollida dun artigo que publica no xornal *Faro de Vigo* no ano 1958):

Eu creo nos mitos —Merlín, Hamlet, Ulises...— e sei que posúen aínda enerxía reveladora [...] Non hai nada que teña maior actualidade que os mitos. Son sempre noticias de última hora.

Desta frase, que comparto, a miña determinación última de revisar, esnaquizar, esfiañar, deconstruír un dos episodios mitolóxicos fundamentais na construción dos arquetipos literarios —e, xa que logo, sociais— femininos da cultura europea.

Creo que cada xeración ten a obriga e o dereito de volver sobre estes mitos fundacionais para analízalos e reinterpretalos á luz que toda a bagaxe cultural e as novas correntes de pensamento deitan sobre nós. Como tamén creo que a cada cultura, a cada literatura nacional, lle corresponden esa mesma obriga e ese mesmo dereito a nos apropiarmos deses mitos que recibimos para os facermos tamén parte viva do que hoxe é de nós.

Pero hai razóns máis íntimas, e tamén máis egoístas.

A primeira delas vén dada porque tiveron a sorte de ler a Homero de bastante pequecha, nesa idade na que aínda buscas nos libros un referente co que te identificares e que che faga vivir a historia en primeira persoa. E na *Odisea* non o tiña. Claro, o normal é que fose Ulises ou Odiseo, pero xa daquela debía ter eu un mal costume, que co tempo deveu en vicio, obsesión ou, cando menos, hábito moi pernicioso: necesitaba identificarme con rapazas. E un pouco rebeldes, a poder ser.

Así, nas lecturas da primeira infancia eu era a “Jorge” do grupo de *Los cinco*, e resultoume tamén fácil converterme na Jane Eyre castigada no orfanato; na rebelde Cathy que corría con Heathcliff por aqueles cumios mergullados na brétema, ou na Maggie intelixente que vivía naquel muíño nas beiras do Floss. (Dito sexa isto con permiso dos, entre outros, Tom Sawyer e Huck Finn que me levaron polo Mississippi abaixo, dos moitos Jim cos que compartín a busca do tesouro, ou do Dick Sand que me permitiu ser capitán aos quince anos).

8 Na *Odisea* non atopaba eu a moza que me permitise seguir satisfactoriamente a Ulises nas súas aventuras. Penélope aparecía para min —xa digo que era bastante pequena a primeira vez que souben dela— como un ser pasivo e desdebuxado. Circe, Calipso e Nausícaa eran demasiado fugaces, demasiado efémeras no relato. Tentei identificarme con Atenea, como xa fixera na lectura da *Iliada*, pero a deusa de ollos de curuxa, a deusa guerreira, tiña aquí moito menos protagonismo que na crónica das batallas e da caída de Troia.

Así que, malia o moito que gustaba, e gusto, da mitoloxía e das obras clásicas, quedou en min unha certa “insatisfacción” arredor da *Odisea*. Ese é o primeiro motivo.

O segundo gran motivo chegou uns poucos anos despois. Veume da man do feminismo. Un feminismo adolescente que empezaba a sentir a necesidade de deconstruír modelos e arquetipos.

Penélope e Circe estaban naquela altura un pouco esquecidas na miña memoria, soterradas baixo o peso das protagonistas das lecturas desa adolescencia, que eran xa ben máis transgresoras. Ata que volveron aparecer, reclamando para si novos nomes e novas palabras.

Foi entón cando comezou a miña cabeza a remoer a idea de revisar aquelas lecturas dos últimos anos de infancia. Primeiro, claro, o rexeitamento, o desprezo, a negación:

“Que teño eu a ver con esa Penélope que agardou vinte anos por un home?”

“Que se me perde a min no espírito dunha muller que decide refuxiarse tras un tecido para non tomar as rendas da súa vida?”

Pero Penélope non é un personaxe histórico, é un mito, e como tal non tivo esa vida propia da que tomar as rendas. Non tivo máis vida que a que lle quixeron dar. Foi creada para xustificar unha orde represiva e subordinadora. O ideal patriarcal de muller, o modelo en que todas deberíamos mirarnos se queríamos ser honradas.



Gustav Klimt, *Mulleres amigas* (1916-1917)



Colección familiar

Os mitos nacen coa vocación de se converteren na única historia autorizada dun pasado sen historia. Son necesarios para darlle a unha lei inxusta a lexitimidade que necesita e que, grazas ao mito, adquire carácter de inevitábel, incuestionábel e mesmo de “natural”.

Había pois que destruír ese mito para acabar con esa lei, e había que facelo reivindicando a súa primeira vítima: a personaxe que o encarnaba. Empezou aí outro vicio que aínda manteño: a persecución das personaxes mitolóxicas e as súas representacións a través da historia e da literatura, das literaturas.

Imposíbel nomear todos os autores e autoras que retomaron, reescribiron ou reinterpretaron a historia do retorno de Ulises a Ítaca e, xa que logo, das súas diferentes personaxes. Hei de recoñecer que tampouco os lin a todos e a todas; se o fíxese, ao mellor non tiña a ousadía de escribir esta novela, xa que, nalgunha cultura, nalgunha lingua, nalgunha época, houbo, de seguro, alguén a quen xa se lle ocorreu esta idea e que o fixo, sen dúbida, mellor ca min.

Froito desas lecturas é a idea da ambigüidade de Penélope; a ambivalencia coa que a personaxe de Homero é visitada e interpretada.

Volvamos ao momento da aparición de Penélope. A ninguén lle escapa a misoxinia

que impregnaba a cultura arcaica grega, e a prevalencia de mulleres malísimas, frívolas, perigosas ou, cando menos pouco fiábeis. A meirande parte dos textos da época alertan sobre as mulleres que toman decisións que, por outra parte, adoitan desembocar en traxedias.

Helena, que pasou á historia como a coqueta descerebrada que causou a guerra de Troia; Medea —se cadra a peor de todas—, que foi quen de matar os seus fillos só para amolar o pobre de Xasón, que o único que fixo foi aproveitarse dela e logo cambiala por unha máis nova e máis rica, aínda que —iso si— el é un heroe.

Ou a abominábel Clitemnestra, que non contenta con botar un amante mentres o seu home andaba na guerra, mesmo o asasinou ao seu regreso, ao pobre, que total, só matará a filla de ambos para que os deuses lle concedesen a vitoria.

Pero claro, non todas podían ser tan estúpidas ou perversas. Algunhas había que salvar: á fin e ao cabo, os heroes tamén nacían de muller, e resultaba moi difícil crear unha saga de valentes guerreiros que fosen ao tempo homes nobres e sabios se todos eran paridos por semellantes monstros.

Era pois preciso crear a imaxe dunha muller boa, nobre e submisa, que funcionase

como antagonista das malvadas e ambiciosas e que servise de exemplo para aquelas que quixesen merecer o amor e o respecto dos heroes.

Así nace Penélope. Creada como mito e destinada a converterse en símbolo. E así a encontramos a través dos tempos en diferentes culturas. Ela é a Rasma do hinduísmo, a Fátima do Islam, a Virxe María dos cristiáns... son o ideal masculino do que debe ser unha muller para non subverter a orde patriarcal.

O problema de crear un “ideal tan excelso” no medio de tanta maldade é que enxendra desconfianza e medo. Realmente pode unha muller ser tan perfecta?

A mesma ideoloxía misóxina que creou as harpías, as Helenas e as Medeas, non pode confiar cegamente na fidelidade eterna e na bondade sen chata de Penélope. Ela é o que “debe ser” unha muller, pero iso non sempre se corresponde co que é en realidade. É nesa ambivalencia onde achamos o eixe das numerosas revisións e revisitacións de Penélope.

12

Entre a “santa e a puta” móvense a meirande parte dos autores masculinos que volveron sobre o ideal feminino creado por Homero.

Na propia antigüidade grega, uns séculos despois da escritura da *Odisea*, no ciclo posthomérico, Teócrito presenta unha Penélope que non aguanta vinte anos de castidade e que, mesmo froito dunha das súas múltiples infidelidades, pare o deus Pan. O historiador grego Apolodoro asegura que foi expulsada de Ítaca por infiel, mentres que Pausanias sinala que, ao seu regreso, Ulises a asasinou por ter relacións cun dos pretendentes (Antínoo).

Entre os herdeiros máis directos da mitoloxía grega, en Roma, Catulo sinala de novo a Penélope como exemplo de esposa e nai excepcional; Propertio tampouco dubida da súa fidelidade, no entanto, indica que Ulises tivo a sorte de que a súa dona non tivese cerca algunha alcaiota que a tentase. É dicir, apuntaba a posibilidade de que a fidelidade se debese máis a unhas circunstancias favorábeis a Ulises que ao carácter de Penélope.

Con todo, o arquetipo épico da esposa fidelísima vence as voces que suxerían unha Penélope máis parecida ao común das outras mulleres, e así vai atravesando os séculos.

Hai que agardar ata o XIX para atopar unha figura algo diferente, en realidade como resultado das revisións da de Odiseo ou Ulises, que deixa de ser un heroe para aparecer como un nómade ou un exiliado. O poeta inglés Tennyson, por exemplo, no seu poema “Ulises”, aparca a cuestión da fidelidade para nos presentar unha Penélope avellentada e aburrida, a quen o heroe apenas atura ao regreso da súa viaxe.

Penélopes máis humanas e modernas atopamos tamén a comezos do século XX nos gregos Kazantzakis ou Kavafis, ben que, en realidade, apenas reparan nela, centrados como están no personaxe de Ulises.

Desconfiando abertamente da fidelidade de Penélope encontramos o irlandés James Joyce, quen nos presenta a Molly Bloom, a esposa do protagonista do seu *Ulises*, aproveitando a xornada de ausencia do home para se deitar co seu amante. Ou o granadino Asenjo Sedano, que na novela *Penélope y el mar* ofrece unha visión do personaxe a través dos ollos do seu fillo Telémaco, quen rexeita a súa nai por “adúltera e entregada aos seus pretendentes”. Nesa liña están tamén o cubano Luis Rogelio Noguera, o arxentino Borges ou o dramaturgo español Buero Vallejo, quen na obra *La tejedora de sueños* fai que Penélope namore dun dos pretendentes, ao que Ulises mata ao seu retorno.

Dende o ámbito eclesiástico tamén se terza no debate. Albino Luciani, o efémero papa Xoán Paulo I, escribelle unha carta a Penélope na que a volve situar como exemplo de virtude e modelo a seguir por todas as esposas cristiás.

Esta visión da Penélope paciente, que tece e destece a súa longa espera, foi mesmo utilizada como metáfora no mundo da política. Romano Prodi, o anterior presidente da Comisión Europea, designou co nome da

heroína grega o primeiro borrador da constitución europea na que tanto houbo que facer e desfacer.

Para alén desa ambivalencia da propia figura de Penélope, a esposa de Homero encarna, xunto a Circe, outro dos exemplos clásicos das imaxes duais que se precisan e alimentan.

Penélope e Circe funcionan como antagonistas necesarias no imaxinario patriarcal: a recatada e a lasciva; a submisiva que permanece na casa cuidando do fogar, e a independente e arrogante que ao final é, loxicamente, seducida polo home; a esposa e a amante; a nai e a puta; a virxe e a bruxa; María e Magdalena; Lady Macbeth e Ofelia, ou a patria e o territorio alleo a conquistar.

Tamén na nosa literatura, tratadas con máis ou menos afecto, son Penélope e Circe creadas e recreadas, cada unha no seu papel ata os nosos días: “pende que pende” ata o infinito, a pensativa Penélope de Cunqueiro, mentres que Vítor Vaqueiro nos presenta unha Circe que retira do seu rostro cansado pestanas postizas e “lentexoulas” ante o espello do seu “toucador oriental”.

No amor de Circe sitúa Avilés de Tarancos as dificultades para volver á patria. Mentres que é a Penélope que tece e destece

a figura coa que Díaz Castro asemella o país, “un paso adiante i outro atrás, Galiza”.

Máis acorde co que eu buscaba estaba a Circe de Carlota O’Neill, a de Claribel Alegría ou a de Natália Correia, escollendo amar sen sufrir, e as infinitas subversivas Penélopes que foron aparecendo nas, agora si, nada homéricas deconstrucións feitas por mulleres. Escritoras ás que non lles preocupa a moral de Penélope. Non polo menos ata o punto de centrar nese único aspecto as súas revisións á personaxe. O que queren é reclamar para ela un protagonismo que se lle roubou.

Presentan unha Penélope máis real, con voz propia. Que xorde clamando un novo espazo; que esixe ser tida en conta e abandonar o espazo na que a tiñan recluída. Unha Penélope que non está disposta a que ao seu regreso Ulises, xa un auténtico descoñecido despois de vinte anos de ausencia, volva tomar decisións por ela.

Así, a que Oriana Fallaci enviou á guerra, a que Ángela Vallvey converteu nunha deseñadora de moda capaz de abandonar o marido e o fillo pola súa profesión; a nada virtuosa e menos prudente Penélope de Margaret Atwood.

E tamén, como non, as Penélopes de Rosalía, a labrega galega co home na emigración que “tece soia a súa tea” e “sempra soia o seu



Sonia Díaz

nabal”. Ou esoutra, xa claramente feminista, que Rosalía nos presenta no poemario *En las orillas del Sar*, unha Penélope que non agarda por Ulises e tece e destece non unha espera, senón a súa propia vida. Ela foi a orixe da miña Penélope. Para chegar, á fin, á máis arelada, aquela que todas queremos e na que todas nos soñamos: a de Xohana Torres. Nesa Penélope forte, aventureira, dona de seu, que tamén navega, que terma sen vacilación do leme da súa historia e transita os seus propios mares. Nesa Penélope afouta, nesa muller enteira, remata a miña novela. Ela foi non o meu comezo, senón o meu horizonte.

Pero, a diferenza de todas esas escritoras das que tanto aprendín, non quixen eu, en *Circe ou o pracer do azul*, desmentir a narración de Homero. Ao contrario, o reto foi construír o meu relato dentro do seu, pero dándolles voz ás silenciadas. Aceptei, pois, a concatenación dos feitos trazado polo cego de Quíos para, con eles como pano de fondo, contar unha das moitas historias posíbeis en quen non ten historia.

Só procurei entender por que Circe convertía en porcos os homes, e por que Ulises acabou no seu leito e non nas cortes do seu pazo. Só tentei explicar por que Penélope se refuxiou tras dun tear, ou mellor, comprender e contar por que tardou vinte anos en chegar

a ser a Penélope de Xohana Torres; por que tardou vinte anos en decidirse a navegar.

Aínda que a miña intención inicial ao me sentar a escribir este relato foi só me ocupar de Circe e de Penélope, conforme ía avanzando na escrita do texto, outras personaxes da *Odisea* foron aparecendo no meu maxín para me reclamaren tamén, se non un novo papel no relato, si explicacións que fixesen máis humana a súa historia. E non aceptaban un non por resposta.

Así chegou Telémaco, acosándome a preguntas sobre a súa triste infancia pasada á sombra dun pai ausente, e a necesidade de lle dar cumprimento ao seu masculino deber de asumir o seu lugar e encher o inmenso, inabarcábel oco, deixado polo heroe.

Así tamén Anticlea, a muller que podería chegar a ser unha magnífica gobernante e que se viu obrigada a non poder satisfacer a súa vocación máis que a través do fillo. E Laertes, preguntándome polas razóns do seu retiro, do seu abandono; polos motivos que o levaron a rexeitar poder e honores para coirdar ovellas e durmir na montaña.

Ata o propio Ulises, un dos personaxes da literatura sen dúbida máis visitados e explorados, apareceu unha noite preguntando por que non puido el quedar con Circe. “A min

que me contas?” —diciálle eu— “Non me preocupa a túa historia, reclámalle a Homero”.

Pero non me foi posíbel desatender as súas demandas, e así tamén pasaron eles a formar parte daqueles que puideran ter arelas, medos e desexos diferentes aos que lles foron atribuídos. Iso si, malia as súas andrómenas e o arteiro das súas alocucións, non conseguiu desta volta Ulises gañar a partida e, aínda que importante, é tan só neste meu texto un personaxe secundario, que medra grazas á xenerosidade das dúas mulleres protagonistas.

Non hai na miña novela heroínas nin procuredes mulleres merecentes de cánticos homéricos. Ao contrario. Nin Circe nin Penélope queren o papel de heroe. A miña Penélope non quere ser igual a Ulises, en absoluto. Quere, iso si, ter o mesmo dereito a decidir os valores nos que incardinar a súa vida.

A miña Circe non busca ser amada por Ulises. Non a calquera prezo. Non por riba doutros amores. Para esta Circe o importante é que o seu amor lle ensine a Ulises outro xeito de concibir e estar no mundo. Amais, tanto a condición de deusa coma a de raíña déronllas os homes. E non son, logo, parte da súa esencia.

A Circe e a Penélope que tentei debuxar neste libro son dúas mulleres que conviven como poden coas mágoas e feridas que lles causou a vida, que tentan levar con dignidade as súas múltiples contradicións, que buscan, cada unha ao seu xeito, un espazo...; apenas un recuncho no que poder pensar e pensarse. Ese espazo pequeno, tan íntimo, pero tan subversivo, que Homero preferiu obviar.



Colección familiar

# Morgana en Esmelle

Quero, e debo, comezar esta presentación facéndovos unha confesión e pedíndovos desculpas ás persoas que, desafiando o frío deste serán, vos achegastes á Feira do Libro de Compostela coa esperanza de escoitar o discurso elaborado e metódico dunha autora. Sinto decepcionarvos, pero eu non son propiamente escritora.

Apenas comezo a ser unha contadora de historias, o bosquejo dunha narradora, algo así como unha contacontos, pero con moitísima menor capacidade para a oralidade e a linguaxe xestual e unha dependencia absoluta da palabra escrita.

Gústame contar historias porque as historias me permiten transmitir e narrar algo máis verdadeiro ca a verdade.

Porque as historias son poliédricas, corais, plurais, complexas, incluíntes..., porque as historias se mesturan e entrelazan na narración onde non hai unha verdade única e absoluta. E porque as historias non precisan ser reais para seren verdade.

En realidade, todas as historias me interesan; as que presencio na rúa, as que me contan as amigas, as que vexo na televisión, as que leo. E algunhas delas interésanme tanto que chegan mesmo a obsesionarme e perséguenme, implacábeis, durante anos. Foi precisamente para exorcizalas, para liberarme desas obsesións, dese acoso ao que me sometían algunhas das historias, que comecei a escribilas.

Houbo, claro, outras razóns: o reto persoal ante a escrita, a necesidade de dialogar coas autoras e autores que me nutriron, e até unha certa obriga de devolverlle ao mundo da literatura unha parte ínfima de todo o que me regalou, de todo o que lle roubei, de todo o que del aprendín.

Pero, sen dúbida, a máis poderosa delas foi esoutra razón que vos confeso: a urxencia por tirar da miña cabeza aquelas historias posíbeis —reais ou non— que me asediaban e comezaban a me torturar en soños ata mesmo chegaren a quitarme o sono.

Mais, como dixen ao comezo, eu non son realmente unha escritora. E por non ser: non son nin orixinal!

De feito, nas dúas novelas que ata o de agora levo publicadas *Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle* (que é a que hoxe nos ocupa), chego mesmo a botar man de personaxes inventadas por outros. Figuras xa creadas ás que acudo para falar de temas recorrentes tanto na vida coma na literatura: o amor, a xustiza, a violencia, a morte, a liberdade, a dignidade, as opresións..., ou diversas outras cuestións éticas, políticas e sociais das que eu quero falar e que tantas escritoras e escritores xa abordaron.

Se callar, o que me salva un pouco de tanto plaxio é que creo na maxia: nos grandes misterios que nos envolven, por iso me vallo de mitos e feiticeiras; de soños preñados de presaxios; de encantamentos, premonicións e agoiros para disfrazar de novidade as vellas historias que aprendín.

Tedes, pois, ante vós, máis ca unha narradora, unha sorte de meiga de ínfima categoría:

vou vertendo nunha pota chisquiños de ingredientes roubados de aquí e acolá; remexo un pouco e, tachán!, xorde un relato que semella obra miña pero que, en realidade, é como esas colchas tecidas con retallos vellos: unha historia creada coas imaxes xurdidas doutras historias prestadas, cos refugallos das historias que a min me chegaron.

As protagonistas principais das miñas historias —das que escribín e das que aínda son só ideas apenas esbozadas— adoitan ser mulleres. Mulleres fortes e apaixonadas.

Unha escolla que tampouco é mérito meu e tamén non é casual. É non só pola miña condición de feminista convencida e militante, que me obriga a combater o sexismo e a discriminación histórica do feminino situando as mulleres nos primeiros planos, baixo os focos da miña imaxinación e, polo tanto, tamén da imaxinación das e dos meus posíbeis lectores. Senón tamén porque a súa condición de silenciadas, de excluídas, de secundarias obrigadas, as dota dun potencial máxico incalculábel. Nelas agóchanse os infinitos misterios das voces que nunca foron escoitadas; os seus pensamentos, as súas emocións foron durante séculos, durante milenios, segredos ocultos, arcanos insondábeis nos cales mergullarse supón abrir as portas a descubertas insospeitadas.



Edward Burne-Jones, *A seducción de Merlín* (1874)

Por iso a min me serven hoxe de oráculos baixo cuxos agoiros fiar a miña escrita; espellos que reflicten realidades ata o de agora veladas; lentes que amosan múltiples posibilidades para pensar o mundo que quero habitar.

E se, como acabo de vos confesar, eu non as creei, tampouco eu as re-invento. Non me cómpre facelo: existen de seu, e están en todas partes.

Xa dixen que tomei os seus nomes doutras historias e narracións, pero é que tamén non preciso dun grande esforzo de imaxinación para recrealas e convertelas en personaxes diferentes aos orixinais.

E non o necesito porque as vexo todos os días en calquera lugar: están nas rúas, nas facultades, nas tabernas, nos mercados, nas fábricas, nos teatros...

Ás veces, insubmisas, toman as prazas en manifestacións multicolores; noutras ocasións permanecen prisioneiras nas súas casas e pagan moi caro, mesmo coas súas vidas, o prezo da rebelión.

É verdade que poucas son as veces en que as atopo nos titulares “importantes” da televisión ou dos xornais, mais, por sorte, a realidade é pertinaz; abonda con abrir os ollos para descubrir todo iso que os medios nos agochan; todo aquilo que non nos queren contar. Tampouco é ningún mérito meu ser quen de velas: as súas historias son un berro escrito en tinta vermella nas marxes do guiión establecido.

Porén, debo recoñecer que tantos anos de bagaxe feminista, tanto tempo levando postas as famosas “lentes de cor lila”, axudáronme a desenvolver unha certa facilidade para detectar as “heroínas do cotián”.

Inspírome nelas; nas súas pequenas-xigantescas proezas; nas súas imperceptíbeis e enormes batallas silenciosas e silenciadas; na súa capacidade heroica para o sacrificio, para a entrega; na súa consagración ao coidado de todos e de todo; admírame profundamente a dignidade dos seus ombreiros curvados polo tremendo peso que soportan; e a profunda, sincera humildade con que fan todo iso, renunciando a méritos e gabanzas das que nin

sequera se cren merecentes malia seren elas as verdadeiras sustentadoras da humanidade.

É nesas seus ollares, carentes de toda soberbia, onde albisco a fórmula para crear unha sociedade máis xusta, un mundo máis humano.

Con isto que acabo de dicir (perdoádeme se ás veces me perdo en divagacións erráticas) tentei deixar contestadas de antemán algunhas das preguntas que adoitan ser recorrentes cando se interroga mulleres que escriben ou falan de mulleres:

SI, esta é unha novela de mulleres. Non só, pero fundamentalmente de mulleres.

SI, esta é unha novela dende as mulleres.

NON, non é unha novela escrita só para mulleres.

NON. Esta non é unha novela contra os homes.

SI. Esta é unha novela antipatriarcal.

SI —loxicamente, por todo o anterior—.

Esta é unha novela feminista.

*Morgana en Esmelle* é, ao meu entender, unha novela na que, ao igual que me pasara con *Circe ou o pracer do azul*, tentei abordar dende a escrita de ficción diferentes asuntos que, se callar, deberían formar parte dun ensaio sobre feminismo; ou, mellor dito, sobre o mundo concibido dende o feminismo.

Non rematan aí as coincidencias. Tamén, ao igual que en *Circe ou o pracer do azul*, en *Morgana en Esmelle* faise evidente a miña paixón pola mitoloxía. Non só como lectora de historias máxicas, senón como muller que procura entender as orixes do que hoxe somos: estou convencida de que é nos mitos onde atopamos a xénese dos arquetipos que definen as diferentes civilizacións. Se a pegada da cultura grega é innegábel e todas e todos somos herdeiras de Medea, Aquiles, Penélope, Edipo, Ulises, Sísifo ou Antígona (por citar só algúns pouquísimos dos nomes posíbeis), a materia de Bretaña, o ciclo artúrico, conformou tamén unha mitoloxía fundamental á hora de construír o que coñecemos como “civilización europea”. E creo que tivo unha importancia transcendental no momento de integrar as culturas atlánticas primitivas nesa civilización.

Non quero estenderme en demasía nesta cuestión. Para non aburrirvos con disertacións vas, pero tamén para non dicir demasiadas asneiras e imprecisións que unha profesora de literatura ou unha historiadora non tardarían en detectar. Pensade tan só na gran conmoción que debeu supor a caída do imperio romano. Os pobos conquistados celebraban o final da dominación, recuperaban a liberdade... Pero como se enfrontaban ao

futuro? As vellas fórmulas de organización xa non valían. A Europa das tribos, dos clans, das pequenas aldeas concibidas como microcosmos autónomos xa non tiña cabida. Tampouco as antigas relixións, os ritos ancestrais, os vellos credos daban resposta acaída aos novos interrogantes.

Os territorios atlánticos (exceptuando, claro, as terras ao norte do Danubio) foron os de máis difícil conquista para os romanos. De feito nin Irlanda (Eire) nin o norte da Gran Bretaña (daquela Alba, o que hoxe é Escocia) chegaron a ser nunca provincias romanas. E en Gales e Cornualles existiu o que hoxe chamariamos unha “guerra de guerrillas” permanente contra as lexións de Roma.

Isto permitiulles ás comunidades celtas que non sucumbiran ante o exército invasor, alongar no tempo a persistencia da súas culturas, linguas, lendas, ritos, modelos de organización social..., e mesmo alimentar un certo orgullo ao concibírense a si propias como estirpe guerreira e insubmisas.

Pero o mundo que os rodeaba xa non era o mesmo. Os pobos continentais e os saxóns que ocupaban Inglaterra (a antiga Albión) nin querían nin podían volver ás fórmulas anteriores a Roma. Agora sabían que os seus vellos axiomas non valían. Eran demasiado vulnerábeis. Non podían vivir co medo

á chegada doutro gran poder vertebrado e dominador que arrasase novamente as súas febles estruturas políticas e militares.

Penso que deberon comezar daquela a procura de alianzas, pactos e modelos que lles permitisen, salvagardando as súas identidades, tecer alianzas novas e crear novas regras de xogo comúns.

Ao meu xeito de ver, o cristianismo vai xogar aí un papel fundamental: unha fe, unha ideoloxía nova que se expande velozmente por todo o continente e que, para alén do relativo á espiritualidade, vai servir como instrumento eficaz e pragmático tanto na vertebración de estruturas coma na cohesión dun novo imaxinario colectivo. Non hai que esquecer que, dende o século IV, o cristianismo era xa a relixión oficial do imperio romano, e que pasou rapidamente de ser unha fe perseguida a unha relixión perseguidora, aniquilando calquera indicio de heterodoxia e calquera caste de paganismo.

Pero como conseguir converter toda unha poboación politeísta e que se soña mítica e invencíbel á nova fe e á nova orde que se vai configurando no continente?

Eu creo (permitídemme a ousadía e o aventurado da hipótese) que é aí, e xusto para iso, que nace o mito de Artur.

Estamos nalgún momento entre o século v e o VIII, albores da Idade Media ou ese período que nalgunhas escolas de historia dan en chamar Idade Antiga Tardía. Aparecen as primeiras referencias escritas ao Artur, todas elas en idioma galés, en manuscritos datados nos séculos VII e IX.

Ao parecer falan dun xefe, dun caudillo lendario que loitou contra os anglosaxóns.

Pero a figura de Artur como personaxe histórico volve aparecer a comezos do século XII na *Historia dos Reis de Britania* escrita en latín medieval por Geoffrey de Monmouth. E canda ao rei, atopamos xa a Merlín, Xenebra e Morgana e tamén a illa de Ávalon, a onde Artur é trasladado moribundo e de onde un día ha de volver. Nace aí o Artur literario; o mito: o “rei que foi e que virá”; a grande esperanza de rexurdimento dos pobos celtas.

26

Apenas 50 anos despois, é o francés Chrétien de Troyes nas súas novelas *Garwain ou o cabaleiro do león*; *Lancelot e o cabaleiro da carreta* e *Perceval ou a historia do grial* quen introduce na historia todos os símbolos cristiáns. É de Troyes quen crea a figura mítica que chega ata nós e que é retomada e revisada por infinidade de autores tan diversos como Thomas Malory, Tennyson, Mark Twain, Yeats, Eliot, Steinbeck, Thomas Mann, Borges... mesmo Walt Disney! Por non falar da súa influencia fundamental tamén na literatura española e, como non, na nosa, con nomes como Cabanillas, Cunqueiro, Ferrín ou Darío Xohán Cabana.

Coa obra de Chrétien de Troyes, Artur deixa de ser o caudillo que defende os pobos celtas fronte aos saxóns para se converter no adaíl da cruz e da cristiandade.

Viviana e Morgana convértense en bruxas. Sacerdotisas dos vellos ritos pagáns, conspiradoras para devolverlle a Britania a vella e errada relixión. Merlín é o guía espiritual, o conselleiro, o asesor, o encargado de alumearlle a Artur o camiño cara á verdadeira fe e, polo tanto, cara ao futuro.

Relixión e reino son case a mesma cousa. Ser herexe é ser traídor ao rei, e viceversa. Enganado polas artimañas de Morgana, o rei peca e para



Colección familiar

expiar a súa falta manda os seus cabaleiros na procura do santo Graal.

Curiosamente, os reis europeos desenvolven nesa altura as súas cruzadas contra os infieis.

Aí achamos a Merlín e Viviana. Eles encarnan o debate que se debeu dar na Europa atlántica. Dun lado ás vellas crenzas (Viviana, Ávalon..), doutro os impulsores da nova orde (Merlín, Camelot).

Máis unha vez é unha muller, Viviana, a elixida para representar o antigo, o ancestral, a terra, a superstición o apego irracional á natureza; é dicir: o atraso, o escuro.

Mentes que é un Home, Merlín, o representante do novo pensamento, da luz, da razón, do futuro, do progreso.

Merlín ten que vencer a Viviana para que no imaxinario popular as vellas crenzas acepten, sen grandes liortas fraticidas, sucumbir ante as novas. El e ela son os ideólogos; Artur e Morgana os seus brazos executores, os seus instrumentos no combate.

A importancia de que Artur —o rei soñado, o caudillo agardado, aquel que ía recuperar a gloria das nacións celtas— abrace o cristianismo non é menor nin nimia. Con el converterase todo o pobo. Non máis guerras entre celtas, saxóns e normandos. Unha illa unida na fe, ao servizo do mesmo deus e

baixo o mando último do mesmo sacro santo emperador.

En *Morgana en Esmelle* tentei darlle unha volta a ese debate para abrir unha reflexión plural canto á ética que debe conducir cada proposta e o xeito de defendela.

Merlín e Viviana discuten sobre un tema sempre vixente e, nos momentos actuais, de grande actualidade: o noso xeito de procurar o mundo que arelamos; o lícito e o ilícito na loita polas nosas xustas aspiracións; os límites que debemos ou non traspasar en nome dun ben maior.

Vale todo para acadar un obxectivo que nos parece sublime ou, cando menos imprescindible? Temos dereito a non facer ningunha concesión ás nosas razóns malia saber os riscos que se corren? Participar a risco de mancharnos ou permanecer na pureza, sen contaminarnos? Onde achar o equilibrio xusto e digno entre posibilismo e idealismo?

E canda estas preguntas, outra gran cuestión: temos dereito a ter a conciencia tranquila? Temos dereito a desoír a obriga ética de asumir as consecuencias das nosas accións, as repercusións de adoptarmos unha ou outra postura?

Creo que sempre, por riba de todo, debemos ser conscientes de que nunca somos inocentes en termos absolutos. Asumirmos que

mesmo o acto máis ben intencionado pode crear danos, e afrontar con honestidade os estragos causados, aínda dos máis pequenos.

Non se trata dunha culpa cristiá; de carexarmos ao lombo un rosario de *pecados*, mais da ética; de non pretender salvarnos na ignorancia. Se en algo cifrei os meus esforzos nesta miña *Morgana* foi precisamente en tentar transmitir a necesidade do combate sen tregua e sen escusas contra a impunidade. Insisto, pois: debemos ser conscientes e sentirnos responsábeis de todos e cada un dos males que provocamos (por nimios e ridículos que semellen e por moi urxentes e necesarios que nos resulten), só así poderemos entender a dor das vítimas. Só así é que evitaremos o risco de nos converter en pequen@s mostr@s tiránic@s.

Non quero alongarme máis, xa fun dabondo pesada. Permitídemme roubarvos só un par de minutos para compartir con vós algunhas das dúbidas, medos e reflexións que me asaltaban mentres escribía *Morgana en Esmelle*.

Primeiro, unha interrogante sobre unha cuestión fundamental é obvia. A pregunta que todas e todos nos facemos, ou deberiamos de nos facer:

Que mundo queremos?

Ou, se o preferides formular destoutro xeito, en que tipo de sociedade queremos vivir?

A seguir, outras dúas preguntas lóxicas tras contestar a anterior: ten sentido participar na actual orde mundial? Ou habería — hai — que mudar esa orde que en realidade é un caos mundial?

Eu son das que creo que cómpre cambiar as cousas. Non me gusta o mundo tal e como está. Non é este modelo, o da sociedade na que quero vivir.

E non me considero en absoluto ambiciosa, non son demasiado esixente cando teño que responder a primeira das preguntas. Quero un mundo respectuoso cos dereitos humanos e onde se traballe para mellorar a calidade de vida de todas e de todos, non só duns cantos privilexiados.

Pola contra, a cousa que máis medo me dá é o poder con impunidade, a capacidade de facer e desfacer sen ter que render contas nin asumir responsabilidades.

Que alguén, calquera (un *broker*, poñamos por caso) poida premer unha tecla do seu computador e condenar á fame e á miseria milleiros de persoas é algo que me aterra. Que esa mesma persoa sexa capaz de durmir tranquila pola noite, sen se sentir culpábel, sitúame ao borde mesmo do abismo do



Colección familiar

pánico... Que ninguén lle reclame nada por iso; que non sexamos capaces de lle pedir contas, lévame á desesperanza.

Asústame o abuso de poder. Pero máis, moito máis, infinitamente máis, me asusta o poder de abusar.

No sistema actual, patriarcal, capitalista e absolutamente desregulamentado, a sociedade está configurada como unha pirámide. Arriba están os máis ricos, os poderosos. Abaixo os máis pobres dos pobres, é dicir, as mulleres pobres.

Falan da *teoría do goteo* e convéncenos da súa bondade. Canto máis ricos sexan os de arriba —dinnos—, canto máis beneficios teñan os bancos e as empresas, máis riqueza emanará (por goteo, pero emanará) cara a abaixo: haberá máis traballo, máis servizos sociais, máis seguridade etc.

Antes sabíamos que era inxusto; que ese goteo era demasiado lento e demasiado escaso. Agora sabemos ademais que non é certo: nunca goteaba abondo para mollar tan só levemente a base da pirámide.

Pero onde si funciona a súa teoría do goteo (e de que xeito!) é nos abusos. Os de arriba de todo, os da cúspide, abusan dos seus subordinados, e estes dos que están no relanzo inferior e así sucesivamente ata chegar ao último chanzo, á base da pirámide. As mulleres e as criaturas pobres están no fondo de todo. Ata o máis desherdado e mísero dos homes ten por baixo unha muller ou unha criatura da que abusar.

Abonda!

Isto é o que temos que mudar, que subverter, que esnaquizar.

Rachemos o seu esquema piramidal para construír unha sociedade nun plano multidimensional onde ninguén poida abusar de ninguén, e onde a riqueza flúa sen goteos para todos, para todas.

É o momento non de cambiar as regras, senón o xogo. É o momento de mudar o mundo; de cambios profundos e estruturais, pero tamén conceptuais, é o tempo do feminismo, é dicir, da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade e tamén, por que non? Da felicidade.



Sonia Díaz



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

# Día das Letras Galegas 2026



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



XUNTA  
DE GALICIA



MINISTERIO  
DE CIENCIA, INNOVACIÓN  
Y UNIVERSIDADES